

Mércores 19/10/22



Reúnense do departamento FeQ o seguinte profesorado: María Goretti Castro Justo, Xenxo Pérez García, Adán González Pérez, e María del Carmen Costas Lago, para levar a cabo pequenas experiencias cos alumnos que se achegan ao club de ciencias.

En total achéganse 20 alumnos de distintos cursos:

- Nove alumnos de 1º ESO
- Cinco alumnos de 2º ESO
- Dous alumnos de 3º ESO
- Unha alumna de 4º ESO
- Dous alumnas de 1º BACH
- Un alumno de 2º BACH

Nesta xuntanza os alumnos teñen a oportunidade de traballar en sinxelos experimentos que se reproduciran na semana da ciencia co obxectivo de que eles actúen como monitores dito día, podendo así axudar na montaxe e explicación dos experimentos ao resto do alumnado do centro.



Separamos aos alumnos en grupos de 4 ou 5, os alumnos dos cursos superiores teñen a ocasión de coñecer con Xenxo o funcionamento do espectroscopio, podendo observar os espectros de emisión de distintos elementos en estado gasoso: H, Hg, Ne, Ar, etc. Tamén fan pequenas experiencias de electromagnetismo baseadas nas experiencias de Oersted e Faraday.



Imaxe 1: Espectroscopio e espectro de emisión para o átomo de Hidróxeno


Os alumnos dende 1º ata 3º da ESO traballaron con María, Goretti e Adán na preparación de distintos experimentos no laboratorio de química.

Mediante a preparación de disolucións con distintas concentracións, os alumnos puideron facer unha representación dun arco da vella nunha probeta.



Imaxe 2: Experimento do arco da vella

Tamén puideron coñecer como é unha reacción oscilante traballando o concepto de oxidación-redución co osíxeno do aire e mesmo facer unha pasta de dentes para elefantes, mediante unha reacción de descomposición da auga oxixenada.



Imaxe 3: Reacción oscilante e descomposición do H_2O_2